



**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 12 de decembro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**"PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DENOMINADO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" NO CONCELLO DE AMES, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN POR PRAZO DE NOVE MESES.-**

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 20 de novembro de 2014 realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para adxudicación do procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para a xestión do servizo público denominado "Ciclo integral da auga" no Concello de Ames, mediante a modalidade de concesión.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o contrato de Xestión do Servizo Público denominado "Ciclo integral da auga".

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, poro unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Adxudicar a Xestión do Servizo Público denominado "Ciclo Integral da Auga" no Concello de Ames, mediante a modalidade de concesión por prazo de nove meses á UTE constituída a todos os efectos para este servizo denominada "**Acciona Agua EspinaServizos UTE Ames**", con **CIF U-70434782**, resultante da unión das empresas Acciona Agua Servizos SLU e Espina Obras Hidráulicas S.A, formalizada en escritura pública de fecha 3 de decembro de 2014 ante o notario Hector R. Pardo García, con número de protocolo 1.561, e nas seguintes condicións:

**A.- Prezo:** O importe da oferta económica do antedito licitador ascende ao seguinte prezo:

- Canon inicial: **280.000 euros**
- Porcentaxe de baixa sobre prezos de obras: **15%** (porcentaxe sobre prezos incluídos no Prego de Prescricións Técnicas)
- Porcentaxe dos ingresos ofertado como límite máximo do importe das reparacións ao efecto do disposto na cláusula 27.i: **10,01%**

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

**B. Duración do contrato:** o contrato terá unha duración máxima de execución de nove meses desde o inicio da prestación dos servizos, non prorrogables.

**C.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares, nos pregos de prescricións técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada, así como co Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do Concello de Ames, (BOP nº 86 do 8 de maio de 2014), e normativa vixente que lle sexa de aplicación.

**Segundo.-** Facultar ao señor alcalde, don Santiago V. Amor Barreiro, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a doce de decembro de 2014, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe  
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro